



O acordo de Xunta de Goberno do 27 de febreiro de 1997, sobre a avaliación do rendemento dos estudantes, entre outros extremos regula no seu apartado 5º a avaliación dos estudantes nos exames de febreiro e na convocatoria fin de carreira.

Por presentárense cuestións sobre o programa que deberá estudia-lo alumno e avalia-lo profesor, compre clarexar algúns extremos. Ademais estimase conveniente lembra-las obrigas dos centros de estableceren procedementos de reclamacións.

Por todo o exposto, dictase a seguinte instrucción:

PRIMEIRO.- PROGRAMA DE EXAME.

Os alumnos que concorran ós exames de febreiro ou fin de carreira renderán exame sobre o programa que se impartiu no curso inmediatamente anterior, estiveran ou non matriculados nese curso, xa que foi o último no que puideron recibir docencia.

SEGUNDO.- PROFESOR AVALIADOR

Os alumnos que concorran ás convocatorias de febreiro ou fin de carreira serán avaliados polo profesor que impartiu docencia no curso inmediatamente anterior e de non ser posible por ausencia deste o profesor que determine o departamento.

TERCEIRO.- PROCEDIMENTO DE RECLAMACIÓNS

No suposto de que o regulamento de réxime interno do centro non contemple o procedemento de revisión de cualificacións, o decano ou director deberá dicta-las resolucións que o artellen.

Para o establecemento dos ditos procedementos o apartado 17.2 do citdo acordo de Xunta de Goberno estableceu un prazo de un ano que vence o vindeiro 27 de febreiro.

Tódolos centros remitirán copia do procedemento a este Vicerrectorado no prazo mais breve posible.

Santiago de Compostela, 21 de xaneiro de 1998
O VICERRECTOR DE ORDENACIÓN ACADÉMICA
E TITULACIÓNS


Celso Rodríguez Fernández